

EDUCACIÓN IMPULSA A TRANSFERENCIA DA INVESTIGACIÓN DO INSTITUTO TECNOLÓXICO DE MATEMÁTICA INDUSTRIAL

- ***O conselleiro Román Rodríguez e a presidenta do consorcio asinaron unha addenda ao convenio de colaboración co que se busca consolidar a posición relevante no campo nacional e internacional da matemática industrial galega***

Santiago, 28 de decembro de 2016.- O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e a presidenta do Consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI), Isabel Rodríguez-Moldes Rey, acompañados pola directora do ente, Peregrina Quintela Estévez, asinaron esta mañá unha addenda ao convenio de colaboración entre o consorcio –no que participan as tres universidades galegas– e a Consellería. O acordo, dotado con preto de 400.000 euros e vixente ata 2018, ten como obxectivo consolidar a posición relevante no campo nacional e internacional da matemática industrial galega, fortalecendo a actividade do Instituto á hora de transferir a innovación científica e a tecnoloxía matemática á industria.

Deste xeito, contribúese a xerar valor engadido para a sociedade, potenciase a competitividade no entorno industrial e empresarial e apóiase a innovación e a excelencia na investigación neste sector produtivo. O acordo enmárcase no apoio que a Consellería de Cultura e Educación está a dar ás universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o desenvolvemento de actividades que melloren os seus resultados, fundamentalmente na materia de I+D+i.

No acto tamén estiveron presentes os reitores da Universidade de Santiago e da Universidade da Coruña, Juan Viaño e Julio Abalde, respectivamente.

O traballo do ITMATI

Cómpre destacar que o ITMATI desenvolve actividades relacionadas coa atención ás necesidades tecnolóxicas das entidades e empresas que o requiran (prestando servizos de asistencia técnica), a formación técnica especializada, a vixilancia e prospectiva tecnolóxica, así como a difusión de información e outros servizos análogos vinculados á xestión do coñecemento, á tecnoloxía e á investigación.

Así mesmo, presta colaboración na transferencia de resultados de investigación entre os organismos públicos e privados de investigación e as empresas; e promociona as actividades de transferencia cara á industria do coñecemento e da tecnoloxía desenvolvida polo consorcio e nos grupos de investigación asociados a este, os servizos de dinamización e concepción de proxectos de investigación e desenvolvemento orientados á innovación, e as actividades de formación do persoal técnico e científico en tecnoloxías e métodos.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA